

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DEPORTES

Asunto: Modificación dos prezos das actividades deportivas do Concello do Grove

O Concello do Grove ten como un dos seus obxectivos fomentar a actividade física entre a poboación do municipio.

A implantación das actividades levaranse a cabo nas diferentes instalacións deportivas municipais.

Como consecuencia da construción de tres pistas de pádel municipais é necesario facer unha modificación dos prezos das actividades deportivas para engadir as tarifas das clases de pádel.

Deste xeito, as actividades que se ofrecen son:

- Piscina para maiores de 50 anos.
- Ximnasia para maiores de 50 anos.
- Ximnasia para mulleres maiores de idade.
- Bodyjump para maiores de idade.
- Clases de pádel.

As diferentes actividades teñen como propósito fomentar a actividade física entre a poboación do municipio garantindo a impartición das clases por persoas debidamente cualificadas que lles ofrezan actividades encamiñadas a fomentar a práctica de exercicio físico.

Os obxectivos específicos son:

- a) Garantir o acceso os cidadáns á práctica de actividade física e deportiva, tanto dende a perspectiva de dereito fundamental, como dende a mellora da súa calidade de vida e uso produtivo do seu tempo de ocio.
- b) Posicionarse como garante dunha oferta capaz de satisfacer as diferentes motivacións e expectativas que empuxan ó cidadán á práctica, a través da promoción da actividade física e o deporte.
- c) Fomentar a realización do exercicio físico regular.
- d) Impulsar o exercicio en grupo, con outras persoas que comparten un hobby común, nun ambiente distendido.
- e) Aumentar o benestar físico e psicolóxico e xerar hábitos de vida saudables na cidadanía.

Así mesmo vanse a regular os horarios das diferentes actividades da seguinte maneira:

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	INSTALACIÓN
Piscina	Luns, mércores, venres (Outubro-Maio)	09:00-10:15 horas	Piscina Hotel “Talaso Louxo”
Ximnasia para maiores	Martes e xoves	09:00-10:15 horas	Pavillón Monte da Vila
Ximnasia para mulleres	Luns e mércores (Setembro-Xuño)	19:45-21:00 horas	Pavillón Monte da Vila
Bodyjump	Opción 1: Luns e mércores	09:00-10:00 horas	Pavillón Monte da vila
	Opción 2: Martes e xoves	21:00-22:00 horas	Pavillón de Conminiño
		22:00-23:00 horas	Pavillón de Conminiño
Clases de Pádel	*Por definir	*Por definir	Pistas de pádel

Piscina e ximnasia para maiores están dirixidas a persoas maiores de 50 anos. Ximnasia para mulleres está orientada a mulleres maiores de idade. A actividade de bodyjump está pensada para realizar toda a poboación que sexa maior de idade e as clases de pádel van dirixidas a toda a poboación maior de 6 anos.

A petición de admisión realizarase cubrindo o impreso que se lle facilitará no Edificio Administrativo do Concello (r/ Alcalde Xacobe Barral, 3). A orde de inscrición será a seguida no Rexistro Municipal.

A inscrición realizarase no Rexistro do Concello en horario de 09:00 a 14:00 horas.

A inscrición para as clases de pádel realizarase nas propias instalacións de pádel.

O comezo das actividades será comunicado pola Concellería de Deportes.

O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos usuarios que se comporten de forma incorrecta nas actividades. Antes de tomar unha decisión desta índole, darase sempre audiencia ás persoas implicadas.

As tarifas das actividades deportivas municipais reflíctense no seguinte cadro:

Actividade	1 sesión/semana	2 sesións/semana
Piscina Maiores	24€	42€
Ximnasia Maiores	-	12€
Ximnasia para mulleres	-	12€
Bodyjump	-	17€

CLASES DE PÁDEL	Prezo alumno/a 09:00-18:00horas	Prezo alumno/a 18:00-23:00horas
Clase individual		25€/clase
Clase individual(1hora/semana)	50€/mes	90€/mes
Clase 2 persoas (1hora/semana)	20€/mes	35€/mes
Clase 3-4 persoas (1hora/semana)	15€/mes	30€/mes
Escola de nenos/as (6-16 anos)	L-V(16h-18h)	12€/mes
	S-D (10h-13h)	12€/mes

**Todas as clases de pádel son de unha hora*

O aboamento mensual das actividades de piscina, ximnasia para maiores, ximnasia para mulleres e bodyjump pode facerse mediante domiciliación, nas entidades bancarias, caixeiros automáticos ou a través da banca electrónica (pasarela de pagos).

Aquelas persoas que teñan 3 meses acumulados sen pagar daranse de baixa na actividade.

Non cabe a posibilidade de fraccionamento do pago das mensualidades.

As baixas na actividade serán comunicadas antes do remate do mes en curso por escrito, no Rexistro Municipal. Tódalas solicitudes de baixa presentadas no Rexistro despois do día 1 do mes terán que aboar o recibo completo e terán efectos ao mes seguinte.

Non se recuperarán as clases, salvo causas xustificadas documentalmente.

O pago das clases de pádel farase con carácter previo á prestación da actividade nas propias instalacións das pistas de pádel mediante TPV.

Cada 10 días remitirase unha relación dos servizos prestados polas clases de pádel ao departamento económico do Concello.

Para xeral coñecemento e efectos, publicarase a presente modificación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, así como no BOP de Pontevedra.

O Concelleiro de Deportes

Santiago M. Meis Otero

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

O Grove, 06 de Xullo de 2018.